



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Salida Nº. 201100016255  
29/07/2011 13:21:04

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE XULLO DE 2011 POLA QUE SE DETERMINAN OS REQUISITOS PARA A MATRICULACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

O R.D. 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, sinala no seu artigo 12: *Directrices para o deseño de títulos de graduado*, que estes ensinos concluirán coa elaboración e defensa dun traballo fin de grao.

O apartado 7 do artigo 12 do mencionado Real Decreto indica que “O traballo fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.”

As distintas memorias dos títulos aprobados pola ANECA recollen e inciden no disposto no artigo sinalado co fin de garantir o seu cumprimento.

Polo anterior, parece axeitado introducir un mínimo requirimento de matrícula para o traballo fin de grao e establecer un control automático na aplicación da xestión académica para que sexa efectivo o mencionado anteriormente e que a matrícula do traballo de fin de grao coincida de maneira veraz coa conclusión dos estudos de grao.

Visto o R.D. 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais e os Estatutos da Universidade de Vigo,

### **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

Que, quen se matricule do traballo fin de grao, deberá facelo tamén do resto dos créditos que lle falten para finalizar os seus estudos de grao.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Así e todo, as e os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 29 de xullo de 2011



Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, PROFESORADO E TITULACIÓNS  
VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE  
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
SECRETARIA XERAL  
XERENTE  
DECANAS, DECANOS, DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS  
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO  
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN  
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA  
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS  
XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS  
XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO  
XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS  
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA  
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN OU DE AREA ACADÉMICA DE CENTROS  
RESPONSABLES DOS REXISTROS  
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE  
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL